ANUNCIO

CALENDARIO FISCAL DO CONTRIBUÍNTE PARA O ANO 2020 DO CONCELLO DO GROVE.

En cumprimento do deber da administracion tributaria de poñer a disposición dos contribuíntes a información necesaria para cumprir coas obrigas tributarias e fiscais, recollida no artigo 34 da lei 58/2003, de 17 de decembro xeral tributaria, e visto o artigo 62.3 da mesma lei, e o artigo 24 do real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación, por Resolución da Alcaldía do 19/12/2019, acordouse:

PRIMEIRO.- Fixar como datas de comezo e final de cobranza, en período voluntario, dos padróns de tributos de cobro periódico e notificación colectiva correspondentes ao exercicio 2020 (calendario do contribuínte para o ano 2020), así como as datas para o cargo en conta dos recibos domiciliados nas entidades financeiras, as seguintes:

IMPOSTOS

CONCEPTO	PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO	DÍA PREVISTO CARGO DOMICILIACIÓNS
IVTM E VADOS 2020	1 de abril ao 1 de xuño 2020	04 de maio
IBI 2020	1 de setembro ao 2 de novembro 2020	01 de outubro
IAE 2020	1 de setembro ao 2 de novembro 2020	01 de outubro

TAXAS

CONCEPTO	PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO	DÍA PREVISTO CARGO DOMICILIACIÓNS
TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO, AUGA E SUMIDOIROS	15 de xaneiro ao 16 de marzo 2020 (2º Semestre 2019)	17 de febreiro
	01 de xullo ao 02 de setembro 2020 (1º Semestre 2020)	03 de agosto
MERCADO, MERCADILLO E BANCADAS 1º TRIM. 2020	02 de xaneiro ao 31 de marzo 2020	28 de febreiro
MERCADO, MERCADILLO E BANCADAS 2º TRIM. 2020	01 de abril ao 30 de xuño 2020	29 de maio
MERCADO, MERCADILLO E	01 de xullo ao 30 de setembro 2020	31 de agosto

Cod. Validación: [redacted]
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 2

BANCADAS 3º TRIM. 2020		
MERCADO, MERCADILLO E BANCADAS 4º TRIM. 2020	01 de outubro ao 30 de decembro 2020	30 novembro

SEGUNDO. Ordear a súa publicación no B.O.P de Pontevedra, así coma no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello do Grove, para a súa difusión e xeral coñecemento, sendo susceptible o mesmo de impugnación na vía contencioso-administrativa por quenes sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

TERCEIRO. Resérvase a esta Alcaldía-Presidencia a facultade de modificar o presente calendario cando motivos de índole técnica, debidamente xustificados, impidan a xestión dos recursos económicos indicados nas datas sinaladas, informando de tal circunstancia aos cidadáns coa suficiente antelación.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

Cod. Validación: [redacted]
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 2